

Dende a Trincheira

Bases para a participación na actividade

Poderás participar nunha ou varias modalidades e entregar un ou varios traballos.

Modalidades

Modalidade de Imaxe

Autorretrato en branco e negro.

Non ten porqué verse necesariamente a cara.

Dende a túa xanela pode ser unha opción.

Podésvos disfrazar do que queirades a condición de que sexades vós os retratados.

Composición fotográfica.

Fai unha fotografía ou crea unha composición de imaxes que reflecta como sentes ti ou que supuxo para ti e a sociedade que ti coñeces este período de crise que estamos a sufrir a causa do covid-19.

Opción dende a xanela.

O que cada día observas, os teus veciños, as rúas baleiras, unhas nubes ameazadoras, de esperanza quizais...

Autorretrato en calquera técnica.

Témperas, ceras, acuarelas, lapis, rotulador etc.

Debuxo a computador, pódese retocar/modificar por encima con colaxe ou calquera outra técnica.

Tamaño e formato libre.

Para enviar: fotografar a obra e enviar en calquera formato de imaxe dixital.(Canta máis resolución mellor).

Recreación dunha fotografía histórica ou cadro representativo dentro da Hª da Arte.

Realiza a túa propia reinterpretación dunha obra de arte famosa ou recrea unha fotografía histórica icónica: disfrazate, emprega bonecos como personaxes, crea os teus propios decorados e atrezzo... Demuestra que es quen de mesturar creatividade e coñecemento histórico!

En todas estas categorías:

Valorarase a creatividade e a estética da composición.

Neste traballo podes aparecer ti mesma/o expresando con imaxes ese sentimento ou podes recrear un escenario que tamén o exprese. En calquera caso, o importante que é que dita fotografía ou composición reflecta un sentimento persoal.

Animámoste a que desenvolvas toda a túa creatividade nesta actividade utilizando para iso o editor de imaxes que prefiras tipo Snapseed, GIMP ou similar. Con todo o potencial das súas ferramentas, poderás entre outras moitas accións:

Mellorar a luz, a cor ou a nitidez das fotografías feitas por ti.

Superpoñer varias imaxes reais ou creadas por ti.

Superpoñer texto.

Crear novos escenarios ficticios.

Modificar imaxes de escenario reais.

Converter a branco e negro unha fotografía en cor.

Colorear partes dunha fotografía en branco e negro.

Poderase enviar con "título" e/ou "texto alternativo".

Formato de imaxe dixital: jpg, gif, png, pdf ou similar...

Tamaño libre. (Canta máis resolución mellor).

Modalidade de Vídeo

Unha montaxe de ata tres minutos máximo.

Deberá mostrar algo co que vos sintades identificados nesta vivencia de confinamento. Un vídeo que vos describa.

Pode ser un meme.

Poderán participar varios membros. Traballo en grupo.

Deberá presentarse en formato MP4 preferentemente.

Modalidade de Audio

Composición musical sobre esta vivencia de confinamento. A composición poderá ser individual ou en grupo e poderá ter diferentes formatos:

Composición en formato canción: poderá ser tamén un poema musicado ou un rap utilizando unha base creada polo alumnado. Tanto o texto coma a música deben ser de nova creación. A duración non excederá dos cinco minutos e deberá presentarse a súa gravación en formato WAV, MP3 ou OGG.

Paisaxe Sonora. Composición dunha obra utilizando sons da vida cotiá, sons electrónicos ou música e efectos de uso gratuíto a modo de paisaxe sonora. A súa duración non excederá de tres minutos. Deberá presentarse en formato WAV, MP3 ou OGG.

Composición instrumental de nova creación, inédita, que poderá estar escrita para calquera instrumento de corda, vento ou percusión. A obra deberá presentarse cun título, a súa duración non excederá de cinco minutos e terá que entregarse a súa gravación en formato WAV, MP3 ou OGG.

Modalidade de Composición literaria

Nesta modalidade podedes entregar calquera composición escrita: **caligrama, poema, diálogo, conto, prosa, relato curto...** que empregue a palabra para expresar os sentimentos, emocións, vivencias... que experimentastes durante esta etapa da vosa vida.

A composición poderá entregarse en calquera idioma (castelán, inglés, francés, galego, alemán, latín...) e entregarse en formato pdf escrito a ordenador ou a man (valorarase a estética do documento: boa caligrafía no caso de textos manuscritos, boa composición no caso de textos a computador...)

Data e modo de entrega

As entregas realizaranse dende a Aula Virtual do centro, no curso "Dende a Trincheira", co contrasinal de automatriculación *trincheira*. Instrucións máis detalladas para a entrega na propia aula virtual.

O tamaño dos arquivos non debe superar os 700 MB.

A data límite para as achegas será o 19 de xuño de 2020.